



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 MONITOR PARA A IMPARTICION DAS SEGUINTE ACTIVIDADES: TÉCNICAS DE AERÓBIC- TONIFICACIÓN E STEP E DE IOGA PILATES.

De conformidade co disposto nas bases selectivas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de xullo de 2017, para a contratación laboral temporal de 1 monitor para a impartición de actividades físico deportivas: técnicas de aeróbic- tonificación e step e ioga pilates.

Rematado o prazo de presentación de instancias en virtude da convocatoria efectuada mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 19 de xullo de 2017; unha vez examinadas as solicitudes presentadas no prazo comprendido dende o día seguinte ó da publicación ata o 3 de agosto de 2017, ambos inclusive.

Publicado no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Meaño con data 11 de agosto de 2017 a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a causa de exclusión, e rematado o prazo de enmenda o día 16 de agosto de 2017.

En uso das facultades que me confire o artigo 41.14 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

1º Aproba-la lista definitiva de aspirantes admitidos:

1. AITOR CACABELOS BARREIRO
2. TARA GONZALEZ GOMEZ

2º Aproba-la lista definitiva de aspirantes excluídos:

1. SUSANA COSTAS PENA (Non presenta acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizalas funcións propias a desenvolver)

3º Constitución do Tribunal e celebración do concurso:

O Tribunal constituirase o día 21 de setembro de 2017 ás 8:30 horas na Casa Consistorial de Meaño (R/ Campo da Feira n.º 1 – Meaño), de seguido procederase á baremación de méritos segundo establece a base sétima, publicándose no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meaño.

4º Convocar ós aspirantes definitivamente admitidos para a realización da fase de oposición e entrevista para o vindeiro día 22 de setembro de 2017 ás 10:00 horas na Casa Consistorial de Meaño (R/ Campo da Feira n.º 1 – Meaño)

5º Publica-la presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meaño.

Manda e asina a Sra. alcaldesa Mª Lourdes Ucha Varela, en Meaño, ante mín a secretaria-interventora Mª Teresa Escudero Barral, que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

MARIA LOURDES UCHA VARELA (1 para 2)
ALCALDESA
Data de Sinatura: 07/09/2017
HASH: 9e607639004f0230ce646850509a1

MARIA TERESA ESCUDERO BARRAL (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 07/09/2017
HASH: bcf65b4cfff9647e7a365881c381d8ef

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2017-0112 Data: 07/09/2017



Cod. Validación: 97SL3ECCGM6W9AZAZLS66S73G | Corrección: <http://concellodemeano.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1